



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 40 /2025

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN “LABORATORIO DE COCIÑA. CREACIÓN DO CENTRO EXPERIENCIAL DE GASTRONOMÍA LOCAL NOS MERCADOS” DO PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU

Na Coruña, o 23 de maio de 2025

Ante min, Don Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, Don Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do Concello de Carballo.

Todos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do sector turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a Fondos Next GenerationEU (Financiado pola Unión Europea), cuxas bases están reguladas pola Estrategia de Sostibilidade Turística en Destinos (2022).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “proxecto en cooperación” e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da seguinte actuación no eixe de competitividade no marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns:

- “Laboratorio de cociña. Creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados”.

O orzamento total das actuacións ascende a trinta mil euros (30.000,00 euros) cunha contribución da Unión Europea do 100%.

Dado o interese da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Carballo para a realización da devandita actuación ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base ás seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

1. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para a realización da actuación “Laboratorio de cociña. Creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados”, no marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns.

A finalidade da actuación 14, do eixe de competitividade, é:

- Poñer en valor a gastronomía local, así como o seu aproveitamento como recurso para a creación de produtos e experiencias turísticas, mediante a dotación de equipamento de cociña que permita unha inmersión dos turistas nunha contorna adecuada;
- Formar ao sector da restauración de xeito que se poida incorporar a identidade cultural e gastronómica do territorio como elemento clave de diferenciación do destino;
- Favorecer a participación de produtores de quilómetro 0 e cociñeiros locais na promoción da gastronomía local;
- Aproveitar a situación do mercado para a promoción da gastronomía do Anllóns.

O Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Os Fogóns do Anllóns (C14.I01.P06.S15.S06) está sufragado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (C14.I01.P06 – Plans de sostibilidade Turística PRTR - Adxudicación 2022, Supbroxecto C14.I01.P06.S15 - Plan Territorial Galicia 2022).

2. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 euros) IVE engadido.

O prazo de execución estimado para o desenvolvemento das actuacións é dende o día seguinte á formalización dos contratos até o 30 de novembro de 2025, salvo que se comunique formalmente unha prórroga na execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) por parte da Deputación da Coruña.

3. FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das actuacións obxecto deste convenio con fondos do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, financiado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a Fondos Next GenerationEU (Financiado pola Unión Europea), tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial máxima de trinta mil euros (30.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4328/22699, código de proxecto 2023.3.81990.3, o que representa unha porcentaxe do 100% de financiamento.

Ausencia de dobre financiamento: a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e doutros programas da Unión Europea.

Para esta actuación os representantes do Concello de Carballo acreditan, mediante a firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

4. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

COMPROMISOS DO CONCELLO DE CARBALLO

En virtude da sinatura do presente Convenio o antedito Concello comprométese a:

Solicitar, vía rexistro electrónico, o inicio dos trámites necesarios para levar a cabo a actuación obxecto deste Convenio.

En relación coa execución da actuación obxecto deste Convenio:

1. O Concello de Carballo deberá colaborar coa Deputación provincial da Coruña, e nomeadamente coa Unidade xestora do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, en todas as tarefas conducentes á instalación do equipamento de

cociña e na realización do programa de formación para o sector da restauración, así como nas tarefas de información e dinamización das actividades a realizar no territorio.

2. O Concello de Carballo aportará, sen custo derivado algún, o emprazamento físico da illa de cociña móbil e do espazo, co equipamento necesario, para a realización das actividades propias do programa de formación para o sector da restauración.
3. O Concello de Carballo asumirá os custes xerados pola obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, así como a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a súa obtención.
4. O Concello de Carballo comunicará á Deputación provincial da Coruña calquera circunstancia que poida incidir na execución da actuación obxecto deste Convenio e participará, activamente, na publicidade e divulgación da actuación obxecto do presente Convenio e do Plan de sostibilidade turística en destino Os Fogóns do Anllóns.
5. Unha vez adquirido o equipamento de cociña pola Deputación da Coruña, e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Carballo, procederase a formalizar a acta de entrega do mesmo á entidade municipal, asumindo esta a súa xestión, e todos os gastos de mantemento e conservación como o seu titular, así como do equipamento de cociña resultado da execución da actuación obxecto deste Convenio.
6. O concello de Carballo facilitará de conformidade coa cláusula Décima.4 do Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data do 9/10/2023, as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia estime necesarios.
7. O concello de Carballo obrígase a someterse ás actuacións control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro dos mesmos pola Intervención General de la Administración del Estado e o Tribunal de Contas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo o concello a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por esta ao Tesouro Público motivado por incumprimentos totais ou parciais deste concello segundo o disposto na Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan los criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de

inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente Convenio, a Deputación Provincial da Coruña comprométese, en relación coa execución das actuacións obxecto deste Convenio, a:

1. A Deputación Provincial da Coruña contratará a subministración e servizos propios da actuación obxecto deste Convenio segundo o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
2. A Deputación Provincial da Coruña realizará o seguimento do desenvolvemento da actuación obxecto deste Convenio.
3. A Deputación Provincial da Coruña comunicará ao Concello de Carballo calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento da execución da actuación obxecto deste Convenio.
4. A Deputación Provincial da Coruña comunicará ao Concello de Carballo cunha antelación de dez (10) días, como mínimo, a data e hora para a acta de entrega do equipamento de cociña obxecto deste convenio, á cal deberá asistir un representante designado do Concello xunto cos técnicos competentes que determine.

Os técnicos designados elaborarán un informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento desconforme a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica.

5. A Deputación Provincial da Coruña dará publicidade á actuación obxecto deste Convenio, que está enmarcada no Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns.

5. PUBLICIDADE E FINANCIAMENTO

En relación á publicidade do financiamento dos Fondos Next Generation EU (Financiados pola Unión Europea), as partes deberán cumprir o establecido na seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de setembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación,

Transformación e Resiliencia (PRTR). Capítulo III. Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7.

- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Artigo 9. Comunicación.
- Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea.
- Manual de comunicación para xestores e beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de industria, comercio e turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Calquera outra normativa que poida resultar de aplicación tanto para investimentos financiados pola Unión Europea.

6. VIXENCIA

Este Convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do equipamento de cociña ao Concello de Carballo así como de finalización do programa de formación para o sector da restauración obxecto deste Convenio e, en todo caso, o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación provincial da Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU; ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

7. EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo ao que se establece no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou porque se incorreu en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a prórroga.
- O acordo unánime de ambas as dúas partes.
- O incumprimento das obrigacións e os compromisos asumidos por cada unha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.

A Deputación da Coruña resérvase a prerrogativa de interpretar este convenio, acordar as modificacións e resolver as dúbidas que se presenten ao longo da súa vixencia.

8. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións; e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente Convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación provincial da Coruña, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de patrimonio e contratación, da Secretaría e a Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente Convenio.
4. O presente Convenio quedará suxeito ao disposto no Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de setembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR); o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); á Resolución de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR); a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR); así como polo disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Os Fogóns do Anllóns.

Faise constar que o presente Convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 17345 de 10 de abril de 2025.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente Convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DO
CONCELLO DE CARBALLO**

Asdo. Xosé Regueira Varela

Asdo. Evencio Ferrero Rodríguez

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Miguel Iglesias Martínez